



falar os sete falares



//ABANCA



O fenómeno de carreiras populares está a representar nos últimos anos todo un acontecemento social e deportivo que afecta a un amplo sector da sociedade.

Grazas ó mesmo moita xente está a mudar o sedentarismo pola actividade física o cal leva consigo unha serie de milloras importantes que afectan a un sin fin de aspectos funcionais do noso organismo.

Sabedores de todo elo, dende os eidos institucionais se ven favorecendo e impulsando a realización deste tipo de eventos, que mesmo nalgúns casos, son quen de coordinarse entre si para organizar de maneira conxunta distintos circuitos.

Un dos máis especiais, polas súas peculiaridades de todos cantos se veñen realizando na nosa comunidade, é o **Circuito de Carreiras Populares da Costa da Morte** que deste ano se achegaría ata a súa terceira edición.

Para coñocer un pouco máis o mesmo entrevistamos a un dos técnicos deportivos responsables de levar a cabo esta iniciativa.



Diego Castiñeira, técnico de Deportes do Concello de Muxía

Diego Castiñeira Romero (Cee, 1972) leva uns cantos anos traballando como técnico do área de deportes no Concello de Muxía. Licenciado na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física é (xunto os outros técnicos dos Concellos integrantes) un dos encargados da organización deste Circuito de Carreiras. Con él precisamente falaríamos, ca intención de coñocer un pouco máis polo miúdo, este proxecto tan interesante que está a acontecer.

Diego, dende logo un circuito de envergadura polo número... “si, así é. O *circuito está formado por un conxunto de probas que se desenvolven por un total de dez concellos da zona da Costa da Morte e que abrangue os términos municipais de Camariñas, Vimianzo, Mazaricos, Dumbría, Zas, Cee, Muxía, Carnota, Corcubión e Fisterra*”

Para facernos unha idea das cifras, os dez concellos contan cun total de 54.350 habitantes sendo a súa extensión total de 962,65 km².



falar os sete falares



//ABANCA



Na próxima cita e co proxecto funcionando moi ben, chagaredes ata os catro anos, pero como foron os comezos? “A idea xurdiu fai uns dous ou tres anos antes de que botara a andar a primeira edición do circuito. Un grupo de técnicos decidimos que dado que existían carreiras en varios concellos da zona, sería sumamente interesante xuntarnos a falar ca intención de promover o deporte en xeral e o atletismo en particular ó redor dun circuito que fose o máis atractivo posible”

Nos comezos imaxino que estabades máis ben pouquiños... “O principio fumos

tres ou catro concellos, malia que fumos ampliando e falando con varios cos que xa mantiñamos en común varias actividades deportivas como torneos, ligas...”

Agora con dez concellos hai máis interlocutores o que resultará máis complicado a hora de desenvolver as tarefas... “Si, pero por elo compre, un importante traballo de coordinación que se está a desenvolver sobre todo entre nós, (os técnicos dos concellos). Sempre se traballou con esa idea incluso moito antes da disputa da primeira edición, xa que consideramos ó deporte como un medio estrutural fundamental na nosa comarca. Por elo sempre estivemos a traballar sobre a base dunha boa coordinación que nos permita unha maior dimensión para crear actividades, tecido e proxectos estables”

Polo que nos falas parece que a nivel técnico entendédesvos moi ben, pero interésanos saber como foi a dinámica que mantivestes cos concellos...xurdiu algún problema cas distintas forzas gobernantes? “Desde os concellos nunca se nos plantexou ningún localismo de tipo político, ó contrario. Eu personalmente teño que agradecer a plena disposición de todas as forzas políticas que participan neste programa xa que si ben é certo que nalgúnhas cuestións se poden dar certos matices, neste caso teño que salientar que en absoluto”



correndo_{pola}
COSTADAMORTE
circuíto de carreiras populares

“Dende os concellos nunca se nos plantexou localismos de tipo político...”



falar os sete falares



//ABANCA



O Proxecto que veu a luz no ano 2014 continúa madurando e millorando en todos os seus aspectos. Preguntamos pola valoración que se fai deste tempo... “Estamos moi satisfeitos polo notable incremento de participación que se ven producindo ao longo de cada edición xa que cada ano estamos a duplicar o número de participantes en relación ó anterior. Este dato valorámolo moi positivamente xa que se confirma a consolidación do Circuito da Costa da Morte e marca as liñas para ir acadando máis prestixio na comarca, provincia e mesmo no resto da Comunidade”



Para o técnico de deportes de Muxía, está moi claro cales son as metas “Estas pasan pola consolidación e pola creación dunha dinámica a través da cal se identifique a Costa da Morte coma un espazo para a práctica deportiva e na que xunto a súa increíble contorna, se poida desenvolver e disfrutar do deporte, da actividade física e mesmo participar en probas pedestres todo ano”

Continúa sinalando que...

“Queremos ser un referente e queremos asociar a imaxe do Circuito Costa da Morte a da calidade organizativa. Ademais diso pretendemos por en valor as características diferenciáis do noso circuito en relación os demais, xa que si te fixas é un caso único no que un importante

“...queremos ser un referente (...) poñendo en valor as características diferenciáis do noso circuito...”

número de concellos póñense de acordo para organizar e traballar conxuntamente. Si ben é certo que existen outros circuitos na nosa comunidade (Deputación da Coruña, Coruña Corre, Corresán, Correndo por Ourense, o CCCP de Pontevedra...) estes se atopan dentro da mesma cidade ou son organizados de maneiras diferentes”




falar os sete falares



//ABANCA



Cunha poboación dispersa que cuadruplica a do resto do Estado, unha perda de 7000 habitantes nos últimos dez anos e cunhas infraestruturas que malia a súa millora, aínda deben desenvolverse máis, a dificultade parece moi clara... “Somos concellos costeiros que principalmente estamos lonxe de todo o mundo, o feito de que se acheguen aquí atletas da comunidade e bastante complicado a diferenza doutras cidades que son máis céntricas e millor comunicadas...” **entrados neste apartado aproveita a oportunidade para lanzar unha mensaxe..** “Reivindicamos dende aquí, máis apoio e atención para os concellos pequenos xa que estamos a desenvolver un traballo tan importante como aqueles que contan con máis medios, recursos e densidade”.



Tamén lamentaría os atrancos á hora de atropar datas no calendario oficial de probas da Federación “... o calendario de eventos deportivos é enorme, malia que somos conscientes que non podemos compitir con probas tan importantes como as de Ourense, Santiago, Coruña, Vigo. O principal atranco é crear un calendario que non coincida con probas importantes”

Non todos son reivindicacións, tamén hai espazo para os agradecementos.”...Sen lugar a dúbidas ademais dos Concellos que cargan ca maior parte dos orzamentos, agradecemos moito o apoio de Ferroatlántica e Conservas Boya que son os nosos principais patrocinadores, así como a Coca Cola, Gadis e Alugures Reneymar. Tamén agradecemos a La Voz de Galicia polo respaldo mediático importante que estamos a ter, grazas a todos eles estamos hoxe aquí”



falar os sete falares



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



A conversa continúa discorrendo de maneira agradable e fluida, con este emprendedor deportivo que ademais preside o Clube Atletismo Costa da Morte, entidade que fora premiada no ano 2014 pola Asociación Galega de Xestores Deportivos por innovar e organizar precisamente o circuito do que estamos a falar.

Continuando ca nosa charla e preguntado sobre o que máis salientaría, non dúbida en responder... “Non queremos deixar de salientar ós atletas que tomaron parte con nós nas distintas edicións desenvoltas, agradecéndolles o seu comportamento e entusiasmo amosado.

Tamén ten verbas de bo anfitrión cara os que aínda non se estrearon neste circuito... “Por outra banda quixera convidar ós que aínda non tiveron a oportunidade de participar a que se acheguen, aquí atoparán carreiras cas que disfrutar tanto a nivel deportivo coma a nivel paixasístico, grazas a nosa maravillosa contorna ...” **e cita as probas de Camariñas e Muxía coma exemplos da súa beleza, para rematar dicindo...** “...todos cantos veñan terán a unha organización volcada co atleta e na que por faltar non faltarán nin as madrugadas”



Sara Vieites foi a Madrinha desta edición

(Susana Gómez será a encargada de amadrinar a seguinte edición, tomando o relevo de Sara Vieites)

Como colofón salientáranos a verdadeira esencia desta aposta... “O traballo conxunto por parte dos concellos na procura de crear Comarca a través de obxectivos sociáis e neste caso deportivos”

Para rematar deste xeito... “Animámosvos a vir, a participar e a que disfrutar da Costa da Morte”



falar os sete falares



//ABANCA

Dende logo que ahí estaremos tomando parte na IV Edición do Circuito de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte 2017 na que o entusiasmo, a profesionalidade e o bo facer son sinónimos da mesma. Pero antes diso, iremos o **vindeiro día 16 de decembro** a súa **Gala de Premios** que terá como anfitrión o **Concello de Cee** e no que os atletas serán unha vez máis, ós seus verdadeiros protagonistas.

Gañadores das Probas Absolutas do III Circuito Costa da Morte

Data	Concello	Gañadora	Gañador
13 Marzo	Camariñas	Rocío Alvite	Martín Regueira
24 Abril	Vimianzo	Rocío Alvite	Ramón Serantes
28 Maio	Dumbría	Rocío Alvite	Luis Miguel Antelo
04 Xuño	Zas	Rocío Alvite	Luis Miguel Antelo
25 Xuño	Cee	Teresa Castro	Luis Miguel Antelo
10 Xullo	Muxía	Rocío Alvite	Amador Pena
30 Xullo	Mazaricos	Rocío Alvite	Juan Bueno
21 Agosto	Carnota	Rocío Alvite	Amador Pena
17 Setembro	Corcubión	Rocío Alvite	Luis Miguel Antelo
16 Outubro	Fisterra	Noelia Papín	Luis Miguel Antelo



Cadro de Gañadores 2016

Gañadores Absolutos 10 km: Rocío Alvite e Luis Miguel Antelo

Gañadores Veteranos 40: Belén Pérez e Javier Seoane

Gañadores Veteranos 50: Carmen García e José Suárez

Gañadores Xuveniles: Carlos Valiña

Gañadores Cadetes: Elena Carreira e Javi Rodríguez

Gañadores Infantiles: Noelia Castro e Antonio Luaces

Gañadores Benxamíns: Sabela Carreira e Pablo Costa

Gañadores Alevíns: Alejandra Formoso e Luca Penas

Gañadores Absolutos 3 km: Tina Marie Fernández e José Manuel Lago



Federación Galega de Atletismo.

Area de Prensa e Comunicación

61 98 47 195

Redesfga@gmail.com

Av. de Glasgow, 13

15008 A Coruña

<http://www.atletismogalego.com>

<http://www.carreirasgalegas.com>